

MOCIÓN DE AER SOBRE EMPREGO VERDE

PLENO 28 XUÑO 2012. ACTA 11/2012

ANTECEDENTES.-

Moción presentada polo Grupo Municipal de A.E.R., no Rexistro Xeral do Concello, con data 22 de xuño de 2012, que transcrita dí:

“Jorge Varela Couñago, voceiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; recollendo unha iniciativa de Esquerda Unida de Redondela, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate e, no seu caso, aprobación no vindeiro pleno ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras 25 anos na Unión Europea, as políticas agrarias e de desenvolvemento rural no estado español atópanse nunha encrucillada. Gobernos sucesivos seguiron unha liña dominada pola intensificación, desvinculada do territorio e de gran parte dos agricultores, baixo o control da agroindustria e cada vez máis a mercé dos mercados mundiais. Mentres a reconversión en regadío, a concentración parcelaria, a mecanización e o uso masivo de agroquímicos aumentaron a produción de xeito significativo, tamén contribuíron ao despoboamento rural, ao peche de multitude de explotacións familiares, ao abandono da produción en zonas remotas e de alto valor, a perda de biodiversidade, razas e variedades locais, desaparición de paisaxes emblemáticas e de prácticas e cultura tradicionais. Sen esquecer o afundimento dos prezos e a sobreprodución nos sectores lácteo, vitivinícola, hortofrutícola e oleícola.

O sistema agroalimentario actual xera contaminación de auga e chan, perda de biodiversidade, deforestación e desertificación, eutrofización de lagos e mares, perda do dereito á soberanía alimentaria. Devandita soberanía debe basearse no impulso á explotación agrogandeira familiar, recuperando os espazos rurais tradicionais e recoñecendo o achegue de preservación da biodiversidade que realiza agrogandería extensiva.

Necesítase impulsar a agricultura e gandería ecolóxicas por medio de técnicas cuxo obxectivo sexa a obtención de alimentos con todas as propiedades naturais, con uso óptimo da contorna física, preservación do medio ambiente e mantemento ou incremento natural da fertilidade do chan, excluindo o uso de produtos químicos de sínteses (fertilizantes, praguicidas, antibióticos, etc).

Un factor clave é o desenvolvemento de agriculturas locais, orientadas a circuitos curtos de comercialización, con especial atención ás bases produtivas de cada territorio. Producir e distribuír as mercancías alimentarias servíndose da produción agroindustrial a gran escala e

con destino ao mercado internacional, incrementa a especulación nos prezos dos alimentos e a concentración de terras, recursos agrícolas e alimentarios en moi poucas mans, mentres empobrece á pequena produción e condena á desnutrición e ao fame a millóns de persoas. É evidente que a seguridade e calidade alimentaria, a seguridade ambiental e a xustiza social son tres elementos que han de convivir en harmonía nas políticas alimentarias.

A agricultura e a gandería do século XXI deben ter carácter multifuncional, protexendo o material multiplicativo das plantas, garantindo o dereito dos agricultores a dispor das súas propias sementes, aplicando programas de desenvolvemento de agricultura e gandería orgánicas e prohibindo o uso de organismos modificados xeneticamente na produción de alimentos, así como as patentes biolóxicas. Por todo isto a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do concello de Redondela a seguinte proposta de ACORDOS:

– Fomentar o cooperativismo, facilitar a agricultura ecolóxica, que fomente a explotación agrogandeira familiar, a reactivación do consumo interno a través de redes de canles curtas de produción, transformación e distribución, potenciar os mercados parroquiais agrogandeiros que garantan calidade de produtos, e os prezos xustos para produtores/as e consumidores/as.

– Fomentar a multifuncionalidade do sector forestal, implantando progresivamente a plantación de castiñeiro, nogueira, carballo, cerdeira, etc.. para a produción de madeira de calidade. Fomentar a explotación gandeira no monte coa cría de porco celta, cabras, vacas e cabalos; co aproveitamento e expansión de cultivos de froitos silvestres, cogomelos, plantas medicinais e apicultura.”

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as, sendo vinteún votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do B.N.G., e 1 de A.E.R.), aprobou a Moción do Grupo Municipal de AER nos antecedentes transcrita, retirando da mesma a mención feita polo grupo municipal do B.N.G., relativa a “concentración parcelaria”.-